 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	NORMA SOBRE O USO DOS MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO E O USO DOS ACCESOS REMOTOS D01-NS-05	Clasificación: uso oficial Difusión: público Versión: 2.0
--	---	---

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A NORMA SOBRE O USO DOS MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO E O USO DOS ACCESOS REMOTOS Á REDE DA UDC

Esta norma regula o uso dos medios informáticos que se usen no teletraballo e o uso dos servizos de acceso remoto á rede da UDC, en desenvolvemento do indicado no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).

Para aquelas cuestións que non se explicitan neste documento, como o ámbito de aplicación, a supervisión e as medidas previstas no caso de incumprimento, estarase ao recollido no dito regulamento.

1. USO DE MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO


1. Cando se traballe desde un ordenador proporcionado pola UDC seguirase o indicado na Norma sobre o posto informático de traballo.
2. Cando se traballe desde un ordenador que non estea xestionado polo Servizo de Informática e Comunicacions (SIC), como é o caso dos ordenadores particulares, seguiranse as medidas de seguridade específicas que se sinalan a continuación para minimizar os riscos de sufrir un incidente de seguridade, como perdas de datos ou o roubo do contrasinal.

1.1. Configuración segura do ordenador persoal

1. O ordenador desde o que se traballe debe cumprir as seguintes medidas de seguridade:
 - a) Utilizar unha conta de usuario que estea baixo o control exclusivo da persoa usuaria.
 - b) Ter o sistema operativo actualizado cos parches de seguridade que se publiquen.
 - c) Contar cun antivirus actualizado.
 - d) Ter actualizadas as aplicacións. Son de especial relevancia, por ser fonte habitual de incidentes de seguridade, estas:
 - i. Navegadores web
 - ii. Java
 - iii. Adobe Flash Player
2. Os certificados instalados no equipo que poidan servir para acceder ás aplicacións ou aos sistemas de información ben da UDC, ben de organismos externos que teñan relación coa actividade laboral, protexeranse cun contrasinal.
3. Non se traballará desde un ordenador que non cumpra estes requisitos nin desde ordenadores de uso público.

1.2. Separación dos contornos persoal e profesional

1. Seguiranse estas medidas de seguridade orientadas a non mesturar a información persoal coa profesional:

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	NORMA SOBRE O USO DOS MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO E O USO DOS ACCESOS REMOTOS D01-NS-05	Clasificación: uso oficial Difusión: público Versión: 2.0
--	---	---

- a) Cando accedamos a servizos TIC ou aplicacións da UDC non se memorizarán os contrasinais no navegador.
- b) Almacenarase a información do ámbito profesional nos recursos que a UDC poña a disposición dos seus traballadores, como os espazos de almacenamento na nube ou as unidades en rede accesibles desde o terminal do escritorio virtual (VDI).
- c) Limitarase ao imprescindible a descarga de información no disco duro do ordenador persoal, e eliminarase esta cando deixe de ser necesaria.
- d) Bloquearase o equipo cando estea desatendido.
- e) Unha vez finalizada a sesión de teletraballo deberá realizarse unha desconexión dos servizos que se utilizasen: Office365, escritorio virtual (VDI), acceso remoto seguro (VPN SSL) etc.

1.3. Vixilancia e mantemento dos dispositivos fóra das instalacións da UDC


1. Cando se traballe fóra das instalacións da UDC manteranse vixiados e controlados os dispositivos que se utilicen: ordenadores, tabletas, teléfonos móbiles etc.
2. Os dispositivos que se estea a empregar non se deixarán desatendidos nin en espazos onde o risco de subtracción sexa alto, como os asentos ou maleteiros dun automóbil, ou as salas de reunións ou de congresos con accesos non controlados ou vixiados.
3. Os equipos manteranse de acordo coas especificacións técnicas de uso, almacenamento e transporte proporcionadas polos fabricantes. En particular, evitase o seu uso en condicións de temperatura ou humidade inadecuadas, así como en contornos en que se desaconselle, como mesas con alimentos ou líquidos ou contornos sucios.

2. USO DOS SERVIZOS DE ACCESO REMOTO Á REDE DA UDC

2.1. Usos previstos dos servizos de acceso remoto á rede da UDC

A UDC proporciona aos seus usuarios dous servizos distintos de acceso remoto: dun lado o servizo de escritorio virtual ou VDI (*virtual desktop infrastructure*); e, do outro, o servizo de rede privada virtual segura ou VPN SSL (*virtual private network secure socket layer*). O uso previsto destes servizos é o seguinte:

1. O servizo de VDI permite utilizar, de xeito remoto, os mesmos terminais informáticos virtualizados corporativos que cando o/a usuario/a está nas dependencias da UDC.
2. O servizo de VPN SSL está deseñado para establecer unha conexión segura desde o terminal da persoa usuaria ata a rede da UDC e, mediante esta, acceder a recursos internos non accesibles desde Internet. Tamén permite o uso de recursos externos que realicen a validación mediante o enderezo IP de orixe.

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	NORMA SOBRE O USO DOS MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO E O USO DOS ACCESOS REMOTOS D01-NS-05	Clasificación: uso oficial Difusión: público Versión: 2.0
--	---	---


2.2 Condicións de uso

1. O servizo de VDI está destinado a toda a comunidade universitaria e non requirirá solicitude.
2. Cada persoa usuaria poderá utilizar un tipo de escritorio virtual en función do colectivo a que pertenza ou as necesidades de servizo, segundo o descrito no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC, AxudaTIC.
3. O servizo de VPN SSL está destinado ao persoal da UDC e ao alumnado que o precise para a realización de prácticas. Non requirirá solicitude.
4. Tamén poderán usar os servizos de acceso remoto as organización externas que o requiran para o desenvolvemento seguro de tarefas relacionadas cun contrato, acordo ou convenio. O/a responsable interno/a do contrato, acordo ou convenio deberá presentar unha solicitude para tal efecto.
5. O acceso a recursos da UDC mediante os servizos de VDI e VPN SSL, cando non se realice con equipos xestionados pola UDC, deberá facerse desde equipos persoais xestionados pola persoa usuaria ou desde equipos de confianza. Evitarase realizar conexións desde equipos de uso público.
6. Os dispositivos desde os que se realicen as conexións deberán contar coa configuración mínima de seguridade que se indica no apartado 1.1 desta norma. A UDC resérvase a posibilidade de comprobar de maneira automatizada a configuración do dispositivo de acceso, co fin de verificar que se cumpran as condicións anteriores.
7. O/a usuario/a deberá bloquear o dispositivo desde o que se realice o acceso cando vaia estar desatendido.
8. Unha vez finalizadas as tarefas que motivaron a conexión remota, o dispositivo deberá desconectarse do servidor de acceso remoto.
9. Eliminarase toda a información da UDC que puidese descargarse no dispositivo desde o que se realizou a conexión.

2.3. Usos non permitidos

Os seguintes son usos non permitidos dos servizos de acceso remoto:

1. Gardar, en calquera aplicación instalada no dispositivo desde o que se efectúe a conexión, o contrasinal que posibilita a autenticación do/a usuario/a.
2. Ceder a outras persoas as credenciais que posibiliten o uso destes servizos.
3. Almacenar información da UDC nos dispositivos persoais máis tempo do necesario para realizar as tarefas que motivaron a conexión remota. Cumprirá sempre observar as pautas sobre o manexo de datos persoais recollidas na Normativa xeral de protección de datos na UDC.
4. Tampouco están permitidos os usos indicados no apartado 4 na Norma de uso da rede de comunicacións e do servizo de acceso a Internet.

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	NORMA SOBRE O USO DOS MEDIOS INFORMÁTICOS NO TELETRABALLO E O USO DOS ACCESOS REMOTOS D01-NS-05	Clasificación: uso oficial Difusión: público Versión: 2.0
---	--	---

3. SUPERVISIÓN DO TRÁFICO DA REDE

A UDC levará a cabo, de xeito automatizado, a monitorización e inspección do tráfico que transcorra pola súa rede co fin de vixiar o cumprimento da súa normativa. Esta inspección poderá complementarse con outra manual naqueles casos que requiran unha análise máis detallada. Estas actividades de supervisión terán lugar nos termos especificados no artigo 10 do Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña.

4. COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS

Os usuarios notificarán coa maior dilixencia posible calquera evento ou circunstancia susceptible de pór en perigo a información ou os servizos da UDC, como por exemplo o roubo ou a perda dun dispositivo, ben como o posible acceso doutras persoas a un certificado electrónico ou a un contrasinal.

5. ENTRADA EN VIGOR

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

6. DERROGACIÓN DA NORMA ANTERIOR

Este texto derroga a anterior norma de uso dos servizos de acceso remoto, aprobada o 24.09.2020.

7. CONTROL DE CAMBIOS

VERSIÓN	DATA	CAMBIOS
1.0	24.09.2020	Versión inicial do documento
2.0	15.02.2023	Engádense as obrigas no uso dos medios informáticos no teletraballo (apartado 1) e a comunicación de incidencias (apartado 4)